



## DECRETO DE ALCALDÍA

### PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUADELA NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto que con data 26 de febreiro de 2018 publicouse no boletín oficial da provincia de Lugo nº 46, anuncio relativo á licitación da obra Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, por parte do Concello de Castro de Rei concedéndose un prazo de trece días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio para presentar ofertas as empresas que así o considerasen oportuno.

Visto que dentro do prazo sinalado para a presentación de ofertas polas empresas presentaron a súa oferta as seguintes empresas:

- Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L. co nº rexistro de entrada 685, de data 08/03/18.
- Grupo Bascuas 2008 S.L. co nº rexistro de entrada 704, de data 12/03/18.
- Obras y Viales Cerne S.L. co nº rexistro de entrada 705 de data 12/03/18.
- Construcciones Leonardo Miguélez S.L. co nº rexistro de entrada 714 de data 13/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 706.
- Francisco Gómez y Cia S.L. co nº rexistro de entrada 715 de data 13/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 694.
- Cholo S.L. co nº rexistro de entrada 716 de data 13/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 707.
- Canteras Isidro Otero S.L. co nº rexistro de entrada 717 de data 13/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 708.
- Asfalgal Técnicas Viarias S.L. co nº rexistro de entrada 718 de data 13/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 712.
- Hordescón S.L. co nº rexistro de entrada 730 de data 14/03/18, previamente entrou por fax o día 12/03/18 co nº 713.

Examinada a documentación procédese á apertura dos sobres 1 "Documentación administrativa" e sobres 2 "Oferta económica" dacordo co recollido na Acta celebrada o día 19 de marzo de 2018, co seguinte resultado:

LICITADOR	PROPOSTA ECONÓMICA
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L. Puntuación: 9,196 puntos	Menor precio: 62.894€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
CANTERAS ISIDRO OTERO S.L. Puntuación: 9,118 puntos	Menor precio: 64.085,43€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGOS S.L. Puntuación: 8,607 puntos	Menor precio: 73.175,83€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 72 meses
OBRAS Y VIALES CERNE S.L. Puntuación: 8,344 puntos	Menor precio: 62.100€ Melloras na calidade: 5.000 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
CONSTRUCCIONES LEONARDO	Menor precio: 57.688€

MIGUÉLEZ S.L. Puntuación: 7,575 puntos	Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 2 anos
CHOLO S.L. Puntuación: 7,261 puntos	Menor precio: 70.165,29€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 3 anos
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L. Puntuación: 6,375 puntos	Menor precio: 52.792,22€ Melloras na calidade: 4.000 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 12 meses
GRUPO BASCUAS 2008 S.L. Puntuación: 5,389 puntos	Menor precio: 64.123,16€ Melloras na calidade: 1.250 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 2 anos
HORDESCON S.L. Puntuación: 4,613 puntos	Menor precio: 64.854,92€ Mellora na calidade: 200 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 12 meses

Valoradas as ofertas presentadas polas empresas citadas anteriormente e vistas as condicións ofertadas pola empresa Francisco Gómez y Cia S.L., acadando a maior puntuación, o órgano de contratación en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 54/2016, de 7 de marzo, recollido no acordo plenario de 12/03/2016, publicado no B.O.P, nº 79, de 7 de abril de 2016.

#### **ACORDA**

**Primeiro.-** Avogar temporalmente, por razón de urxencia, a competencia delegada por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Alcaldía nº 54/2016, de 7 de marzo.

**Segundo.-** Aceptar a proposta da empresa Francisco Gómez y Cia S.L., como licitador que téñ presentado a proposición máis ventaxosa para os intereses do concello de Castro de Rei.

**Terceiro.-** Propoñer á empresa Francisco Gómez y Cia S.L., con CIF B15009533, como licitador que téñ a proposición máis ventaxosa para os intereses do concello de Castro de Rei e requerirle para que no prazo de cinco días hábiles (artigo 144 en relación co artigo 151 de redución de prazos do Texto refundido da Lei de contratos do sector público) a contar dende o seguinte a aquél en que recibise o requerimento presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos a que fai referencia o artigo 146 números 1 e 3, en relación co número 4 deste artigo do citado texto legal, así como estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias (Hacienda Estatal, Facenda Autonómica e Concello de Castro de Rei) e coa seguridade social, de alta no IAE, de dispor efectivamente dos medios que se comprometése a adscribir á execución do contrato segundo o artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e de ter constituída a garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación do contrato sen incluír o IVE.

**Cuarto.-** Notificarlle esta resolución á citada empresa.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE